

SISTEMA PUNTUACIÓN PARA SOLICITUDES DE FASES FINAIS:

A valoración e concesión de todas e cada unha das fases finais realizaranse con acordo da comisión delegada, comprobando a puntuación de todas as solicitudes. Se algún club quere asistir á sesión na que se realizarán as resolucións das diferentes solicitudes debe solicitalo á FGBm a través dun mail a licenzas@fgbalonman.com antes do 12 de marzo de 2020.

A continuación presentaranse os criterios de puntuación para as solicitudes de organización das diferentes fases, en caso de que realice a solicitude unha institución diferente a un club tomarase coma referencia para o cómputo o club local, de non haber club local a puntuación será a mínima establecida en cada ítem, agás nos valorables obxetivamente.

Os criterios de valoración para a concesión das diferentes fases serán os seguintes:

1.Nº LICENZAS POR CLUBE:

Entenderase por licenzas as correctamente tramitadas e validadas.

Nº LICENZAS	PUNTOS
Máis de 150	5
Entre 101 e 150	4
Entre 76 e 100	3
Entre 26 e 75	2
Entre 0 e 25	1

2.Nº EQUIPOS POR CLUBE

Os equipos prebenxamíns, benxamíns e alevíns tan só se deben contabilizar cando a fase que se solicite sexa das categorías: prebenxamín, benxamín ou alevín. Para as solicitudes de fases de Balonmán 5 contabilizaranse os equipos prebenxamíns, benxamíns e alevíns 5; para as fases de Balonmán 7 contabilizaranse os equipos prebenxamíns, benxamíns e alevíns 7.

Para as demáis fases tan só se contabilizarán os equipos infantís, cadetes, xuvenís e sénior.

Nº EQUIPOS	PUNTOS
Máis de 12	4
Entre 9 e 12	3
Entre 5 e 8	2
Entre 0 e 4	1

3. POSTO NA CLASIFICACIÓN DA LIGA 19-20:

POSTO LIGA REGULAR	PUNTOS
2º	8
3º	6
4º	4
5º	3
1º e a partir do 6º para baixo (incluídos todos os da 2ª categoría)	1

4. ORGANIZACIÓN DE FASES FINAIS NA ÚLTIMA TEMPADA:

Neste ítem valoraremos as Fases Finais ou Sectores organizados nos últimos dous anos (incluídos os nacionais) polo clube ou institución solicitante, dándolle maior puntuación a aqueles/as que menos sectores ou fases finais organizasen na tempada 18-19.

Nº Sectores ou Fases Organizadas	PUNTOS
0	5
1	3
2	2
3	1
Máis de 3	0

5.PREZOS ALOXAMENTOS:

Valoraranse tan só os aloxamentos que se atopen a menos de 35 Km do lugar de xogo.

PREZO PENSIÓN COMPLETA POR DEPORTISTA E DÍA	PUNTOS
0€	6
Entre 0€ e 20€	5
Entre 21€ e 25€	4
Entre 26€ e 35€	3
Entre 36€ e 45€	2
Máis de 45€	1

6.CONDICIÓN ECONÓMICAS:

Neste ítem valoraremos a oferta económica, o interese da FGBm non é sacar rendemento neste aspecto, simplemente cubrir os gastos mínimos a través do canon; unha mellor oferta económica traducirase nun maior investimento por parte da FGBm na Fase Final ou Sector. As cantidades que figuran na seguinte táboa serían cantidades aportadas a parte do Canon.

CANTIDADE SUPERIOR AO CANON ESTABLECIDO	PUNTOS
Máis de 1.200€	5
Entre 901€ e 1200€	4
Entre 601€ e 900€	3
Entre 301€ e 600€	2
Entre 0€ e 300€	1

7.SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

Os seguintes servizos serán valorados do seguinte xeito:

CANTIDADE SUPERIOR AO CANON ESTABLECIDO	PUNTOS
Speaker e música durante os encontros	3
Trofeos (Final 4)	2
Detalle para o 7 ideal	2
Detalle para mellor xogador/a e mellor porteiro/a	1
Comentarista Streaming en todos os encontros	2
Acreditacións e Lanyards para deportistas	1
Regalo Camiseta conmemorativa a todos os/as deportistas	2
Concursos para o público ou actuacións durante os descansos	1
Deseño cartel por parte do organizador (pendente aprobación da FGBm)	1
*Actividades paralelas que aporten maior atractivo á fase	1- 4 puntos

*As actividades paralelas que aporten maior atractivo á fase serán valoradas pola comisión delegada, aportando unha puntuación de 1 a 4 dependendo das iniciativas.

8.XOGADORES/AS NAS SELECCIÓNS GALEGAS:

Non se computan os/as técnicos/as, tan só os xogadores/as que participaron no CESABm 2020.

CANTIDADE DE XOGADORES/AS	PUNTOS
Máis de 10	4
De 7 a 10	3
De 4 a 6	2
De 1 a 3	1
0	0

9. NÚMERO DE FASES SOLICITADAS PARA AS MESMAS DATAS:

Valorarase positivamente que un mesmo club ou institución aposte por organizar máis dunha mesma fase ao mesmo tempo, é dicir nas mesmas datas.

Nº FASES SOLICITADAS	PUNTOS
3	5
2	4
1	2

IMPORTANTE:

1. Recoméndase revisar o formato das diferentes fases antes de realizar a solicitude de calquera delas. Na páxina web da FGBm, nas bases de competicións poderedes consultar toda a información.
2. Se algún organizador, á hora de celebrarse o evento, incumpre os compromisos adquiridos no punto 7 da solicitude (servizos complementarios, actividades paralelas,...), terá unha penalización de 600€ e perderá o dereito a organizar calquera fase ata a tempada 2021-22.
3. O abono do canon da fase deberá realizarse nun prazo máximo de 60 días dende a DATA DE CONCESIÓN da mesma.